



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO DE APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA EN RELACIÓN COA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E USO DE AUTOCARAVANAS, CARAVANAS E VEHÍCULOS TIPO CAMPER

De conformidade co disposto no art. 69 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de posibilitar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas de carácter regulamentario, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Estacionamento e Uso de Autocaravanas, Caravanas e Vehículos Tipo Camper do Concello de Malpica de Bergantiños, procédese á apertura do trámite de consulta pública previa a través do portal web municipal e/ou sede electrónica.

A presente consulta ten por finalidade solicitar a opinión da cidadanía, veciñanza, asociacións do sector do caravaning, persoas usuarias, titulares de actividades turísticas, comerciantes, veciños e demais asociacións e organizacións potencialmente afectadas pola futura aprobación da ordenanza.

De acordo co previsto no citado precepto, a consulta pública versará sobre os seguintes extremos:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa normativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As persoas interesadas poderán formular as súas opinións, achegas e suxestións en relación coa iniciativa normativa que se propón durante o prazo de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no portal web municipal e/ou sede electrónica (portal de transparencia).

As citadas opinións, achegas e suxestións poderán presentarse:

- De maneira presencial no Rexistro Xeral do concello, sito en Avda. Emilio González López, núm. 1, Malpica de Bergantiños, en horario de atención ao público, de 8:30 a 14:30 horas.
- De xeito telemático na Sede Electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>).
- Por calquera dos medios/formas previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa e obxectivos da norma.

O incremento do uso de autocaravanas, caravanas e vehículos tipo camper como modalidade de turismo itinerante e de lecer xerou novas necesidades de ordenación municipal que, en ausencia de regulación específica ou actualización normativa, poden producir situacións de inseguridade xurídica, conflitos veciñais e problemas de xestión do espazo público.

Entre as principais cuestións detectadas atópanse:

- Falta de delimitación clara entre estacionamento permitido e acampada.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Uso intensivo ou prolongado do dominio público sen regulación específica.
- Problemas derivados de verteduras incontroladas ou xestión inadecuada de residuos.
- Necesidade de compatibilizar o turismo itinerante coa convivencia veciñal, a mobilidade e a protección da contorna urbana e natural.
- Ausencia de regulación de posibles áreas específicas habilitadas para este tipo de vehículos.

A iniciativa normativa ten por obxecto/fin:

- Regular o réxime de estacionamento de autocaravanas, caravanas e vehículos tipo camper no termo municipal.
- Delimitar as condutas constitutivas de acampada e o seu réxime xurídico.
- Establecer condicións de uso do dominio público compatibles coa seguridade viaria, a salubridade e a convivencia.
- Regular, no seu caso, a creación e funcionamento de áreas municipais específicas.
- Determinar o réxime de control, inspección e infraccións e sancións.

2. Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A aprobación dunha ordenanza municipal considérase necesaria por afectar a unha pluralidade indeterminada de persoas e por incidir directamente no uso común e, no seu caso, especial do dominio público municipal.

A norma pretende dotar ao municipio dun marco regulador claro e proporcionado que permita:

- Garantir a seguridade xurídica das persoas usuarias.
- Evitar situacións de arbitrariedade na actuación administrativa.
- Protexer o espazo público e o medio ambiente.
- Favorecer un modelo de turismo sostible e ordenado.
- Compatibilizar a actividade turística co interese xeral e a convivencia veciñal.

A iniciativa axústase aos principios de boa regulación previstos no art. 129 da Lei 39/2015, en particular aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

3. As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non se contempla a posibilidade da existencia de solucións non regulatorias.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura á marxe
O alcalde,

Eduardo J. Parga Veiga